



**PRAIA E SISTEMA  
DUNAR DE CESANTES**

**PROGRAMA DE VISITAS AO ESPAÇO NATURAL**



## A fauna dunar

A fauna, en consonancia coa baixa densidade vexetal, é escasa e difícil de observar, especialmente nas horas centrais do día. Na mañá e na tardiña moitos habitantes da duna gañan en actividade.

Malia a secura do medio dunar os gasterópodos do xénero *Cochlicella* e *Theba pisana* poden presentar altas densidades grazas á protección da súa cuncha e riqueza en carbonato cálcico.





Moitos dos pequenos depredadores das praias, como a lobiña dunar (*Arctosa perita*), presentan unha coloración críptica que lles serve para aproximarse ás súas presas.



Os restos orgánicos que chegan periodicamente á praia coa marea son fundamentais para a produtividade dos medios litorais. Deles aliméntanse animais como os escarabellos da familia dos tenebriónidos.





## A vexetación dunar

As plantas que viven no litoral teñen que soportar unhas condicións de vida moi extremas. A textura dos solos provoca unha moi escasa retención de auga, a acción do vento é moi intensa e o medio presenta unha alta concentración de sales. Isto provoca que sexan moi poucas as especies adaptadas a vivir nos depósitos areosos costeiros. Con todo, debido ao restrinxido destes medios e ás condicións de illamento, a flora presenta especies de elevado interese bioxeográfico.






O alelí mariño (*Malcomia littorea*) ten flores gran parte do ano, dende febreiro até decembro. É unha especie propia do occidente da rexión mediterránea e que acada pola fronte atlántica Galicia.

O cardo de ribeira (*Eryngium maritimum*) presenta follas duras que aguantan os golpes das areas.



A correola mariña (*Calystegia soldanella*) florece de xuño a agosto e distribúese dende a costa mediterránea até Dinamarca.





## A formación das dunas


Nas zonas do litoral protexidas da acción directa do mar e das correntes como é o caso da enseada de San Simón protexida polo estreito de Rande, os pequenos materiais que se poden desprazar no seo da auga, como areas e as arxilas, van depositándose, dando lugar ás praias e logo, cando as areas secas durante a baixamar penetran na terra, ás dunas.






A supervivencia da praia depende das plantas da duna. A area que transporta o vento dende a praia é freada polas plantas, depositándose así na beira da praia e formando a duna. Esta reserva de area é vital para cando o mar lla quita á praia.

A duna de Cesantes conta cun valado que protexe a vexetación dunar das nosas pegadas. Se paseamos pola duna, rompemos as raíces e a area queda solta. Isto provoca que o vento se leve a area e que a praia quede sen a súa reserva.





As aves que podemos observar dende a praia de Cesantes cambian ao longo do ano: pódese distinguir entre especies invernantes, en paso, estivais ou residentes. A maior diversidade aparece nos períodos de paso migratorio, cando centos de aves paran na enseada para descansar da viaxe entre as áreas de cría do norte de Europa e o continente africano, onde pasan o resto do ano.



### **Lavanco común**

*Anas platyrhynchos*

Ave residente. Aniña nas beiras dos regatos que desembocan na enseada e nas beiras da mesma. Obsérvanse en maior número entre agosto e novembro.




### **Corvo mariño grande**

*Phalacrocorax carbo*

Ave invernante





**Gaivota patiamarela**

*Larus michahellis*

Ave residente. A maior parte das aves que se poden observar aniñan nas Illas Cíes onde se atopan máis de 18.000 parellas.



**Gaivota chorona**

*Larus ridibundus*

Ave invernante. Os exemplares adultos coa cabeza escura son máis doados de observar pouco antes de que retornen ás áreas de cría.





### **Píldora cinsenta**

*Pluvialis squatarola*

Ave invernante. Aniña na tundra ártica e logo migran polo oeste de Europa para chegar ao oeste de África tropical.

### **Pilro común**

*Calidris alpina*

Ave invernante. Nos períodos de paso pódense observar grandes bandos descansando e alimentándose.



### **Garza cinsenta**

*Ardea cinerea*

Ave invernante. Aínda que é a ave de maior tamaño que podemos observar -máis de 1 m de altura co pescozo extendido- pode pasar desapercibida cando descansa.





**Parrulo cristado**  
*Aythya fuligula*

**Parrulo rubio**  
*Aythya ferina*



**Pato cullerete**  
*Anas clypeata*



**Pato asubiador**  
*Anas penelope*

**Charneco común**  
*Anas crecca*



**Pato rabilongo**  
*Anas acuta*



## **Actividades para unha visita ecolóxica.**

### A. Estudo dos factores ambientais.

- Elabora un mapa sinxelo da praia de Cesantes no que figuren o propio areal, a zona de marisma, a duna e os espazos anexos. Logo, coa axuda do compás, orientate e debuxa no teu mapa unha rosa dos ventos coa posición do norte.

### B. Estudo dos organismos vivos nas dunas (plantas de duna).

- Como son as follas do feo de praia (*Ammophila arenaria*)? Que tipo de adaptacións cres que supón?
- Toca unha folla do cardo de ribeira (*Eryngium maritimum*) para ver se ten consistencia coriácea, isto é, semellante ao coiro. Que vantaxes pensas que pode representar para a planta?
- Achega a lupa a unha melga mariña (*Medicago marina*) para ver como son as súas follas. Ten isto algunha relación coas adaptacións observadas nas outras plantas das dunas?

### C. A intervención do home.

- Hai sinais de intervención humana? De que tipo?
- Elabora unha lista dos residuos localizados durante a visita e agrúpaos en:
  - Biodegradables de orixe orgánica (restos de comida).
  - Doadamente biodegradables (papel, cartón, etc.).
  - Degradables a longo prazo (latas, bricks, etc.).
  - Non biodegradables ou moi resistentes á degradación (plásticos, vidros, etc.).
- Fai unha pequena contribución á limpeza do medio natural e cada vez que visites este ecosistema recolle un residuo e lévao ao colector de lixo.

### D. Fichas ornitolóxicas.

- Debuxa a ave que acabas de ver:
- Cantas aves desta especie observas? Que fan?:



# RECOMENDACIÓN

Empregue as papeleiras e colectores dispostos na praia e asegúrese de separar no posible vidro, papel e plásticos.

Respecte as instrucións de seguridade e os códigos de conduta na praia e a súa contorna.

Goce da natureza na praia e na contorna, pero trátea con respecto.



**Praia de Cesantes Dereita**

Departamento de Medio Ambiente  
Concello de Redondela



**Vexetación Dunar**

Redondela - A Guarda  
grupos de acción costeira 2007-2013



GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MAR



UNIÓN EUROPEA  
Fondo Europeo de Pesca

Europa inviste na pesca sustentable